

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de novembro de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Vicepresidenta *Marta Fernández-Tapias Núñez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33192.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023.

2.33193.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DUN SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR, SOBROSO E MUSEO”. (Expte. 2023058369)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas e Museo, desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino Rías Baixas, a través de competencias tales como a organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo, que contribúan a mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino Rías Baixas, a realización e promoción de estudos turísticos, o desenvolvemento de proxectos que contribúan á creación de produto turístico, así como á comercialización deste.



A institución provincial ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior dende o ano 1982. O Castelo de Soutomaior constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas, motivado, fundamentalmente, polo incremento do turismo cultural. Nos últimos anos o Castelo e os seus xardíns convertéronse nun dos recursos turísticos máis visitados da provincia de Pontevedra, contando con máis de vinte e cinco mil visitantes ao ano.

Con respecto ao Castelo de Sobroso, á edificación e á súa leira, a institución provincial ten cedido o seu uso, a título gratuito dende o ano 2014, por parte do seu propietario, o Concello de Ponteareas. Complementa a rede de recursos turísticos da institución provincial a través dun convenio de colaboración. O actual convenio entrou en vigor o 1 de xuño de 2020 e a súa vixencia manterase por un período de quince anos. O servizo de Turismo Rías Baixas é responsable da súa conservación, mantemento, xestión e promoción co fin de situalo como outro dos principais recursos turísticos culturais do destino Rías Baixas.

Pola súa banda, o Museo de Pontevedra, creado pola Deputación de Pontevedra no ano 1927 tamén desempeña un papel relevante como un dos principais destinos turísticos para aquelas persoas que buscan afondar na historia e na arte desta encantadora cidade galega. Ofrece unha variedade de exposicións e coleccións que abarcan dende arte antiga ata contemporánea, así como un programa de actividades lúdicas, educativas e culturais para visitantes de todas as idades. Este outro ben de Interese Cultural permite achegarse a decenas de miles de fondos culturais e constitúe o maior atractivo do turismo cultural que atrae a provincia, con máis de 173.000 visitantes tan só no ano 2022, para descubrir e apreciar a riqueza cultural e patrimonial da zona, enriquecendo a experiencia turística e académica do público en xeral.

Ademais, o Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021-2023, con diferentes e moi claros obxectivos para cubrir os retos que se marca o noso destino, é unha ferramenta fundamental cuxo obxectivo é definir a estratexia a seguir para consolidar Rías Baixas como un destino turístico sostible, inclusivo e intelixente, alienado coa Norma UNE178501 e a Axenda 2030 de Nacións Unidas.

O servizo de Turismo e o Museo da Deputación de Pontevedra está a traballar na mellora dos sistemas integrais de acceso e venda de entradas para ambos recintos, buscando a axilización do servizo, tanto para as persoas usuarias coma para os propios traballadores dos Castelos e Museo. Co fin de contar cun sistema que unifique os sistemas de ticketing existentes e individualizados, e permitir a interconexión entre eles, para poder xestionar de forma máis rápida os accesos ás fortalezas e obter información das visitas o que servirá aos xestores á hora de implementar melloras nos recintos e nos servizos prestados nos mesmos.

Para a implantación deste sistema integral de acceso e venda de entradas para os Castelos de Soutomaior e Sobroso, e a distintas sedes do Museo é necesario recorrer a empresas do sector que posúan a capacidade para realizar este tipo de servizos, debido á non disposición dos medios necesarios e suficientes por parte da Deputación de Pontevedra.

A Xefa do Servizo de Turismo, e do Museo remite ó servizo de Contratación providencia de inicio (csv K4IYZTUDJ87FFD79), solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestación do sistema de xestión automatizada da visita aos Castelos de Soutomaior e Sobroso e ao Museo de Pontevedra.



Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas rexerán na contratación.

Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RCFUT1 núm. 202300196232 por importe de 12.342,00 € (C. Sobroso) con cargo a aplicación 24/433.3363.227.99, RCFUT1 núm. 202300196231 por importe de 21.780,00€ (C. Soutomaior) con cargo a aplicación orzamentaria 2024/433.3360.227.99 do orzamento provincial, e RCFUT 1 núm 202300192415 por importe de 10.800,00€ (Museo) con cargo a aplicación 24/33.3330.227.99. Dado que se trata dunha tramitación anticipada os importes correspondentes á anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Na Memoria xustificativa do contrato csv HP4WYKBLQRZ901OJ, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico - administrativas.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral csv UA2B3ODGTPFPFAB5, remítese o expediente ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que con data 20/11/2023 a Intervención informa favorablemente o expediente co csv HOOQ0OG8F0PXACWE, no que recolle a seguinte observación:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso e o Museo de Pontevedra”, polo importe total IVE engadido de 45.012,00€.



A estimación para cada un dos Castelos, e Museo é o seguinte:

	Importe sen IVE	IVE	TOTAL
Castelo de Soutomaior	18.000,00€	3.780,00€	21.780,00€

	Importe sen IVE	IVE	TOTAL
Castelo de Sobroso	10.200,00€	2.142,00€	12.342,00€

	Importe sen IVE	IVE	TOTAL
Museo	9.000,00€	1.890,00€	10.890,00€

- _ O sistema de determinación do prezo: a tanto alzado.
- _ Valor estimado do contrato: 148.000,00€
- _ O prazo de duración: un ano a contar desde a data de formalización do contrato.
- _ A prórroga: Establécese ata un máximo de 3 prórrogas, de un ano de duración cada unha.

2.- Autorizar a tramitación anticipada (ordinaria) do gasto por importe máximo de 45.012,00€ que se financiará de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 Castelo Soutomaior	433.3360.227.09 ou na súa vinculación xurídica	21.780,00€
2024 Castelo Sobroso	433.3363.227.99 ou na súa vinculación xurídica	12.342,00€
2024 Museo	333.3330.337.09 ou na súa vinculación xurídica	10.890,00€

Os importes correspondentes á anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

3.- Aprobar o prego prescricións técnicas csv LZ58UFB7BTY28VS3 o e o prego de cláusulas económico-administrativas csv: NNBVW4MX4B2FAX2P

4.- Designar como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes e a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



3.33194.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE 546 ORDENADORES PORTÁTILES “ESTÁNDAR” A TRAVÉS DUN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 02/2020, DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA”.
(Expte.2023064654)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes. A cuarta política panca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio. O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.

Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR.

Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a liña estratéxica 4 – Infraestruturas dixitais, cuxo fin é dotar ás administracións locais das infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a súa modernización, co fin de asegurar a dispoñibilidade en calquera circunstancias e de adaptar a capacidade dispoñible ás necesidades existentes en cada momento, contribuíndo a desenvolver a conectividade dixital, a economía do dato e a intelixencia artificial nas administracións. Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios os concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra presentou a solicitude do proxecto denominado: “Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo dos concellos” en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro do 2020), para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 4; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.



Polo tanto, a Deputación de Pontevedra expón a incorporación de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) para os 50 concellos adheridos ao proxecto. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos nin técnicos suficientes para levar a cabo tanto esta subministración é necesario realizar unha contratación onde os fornecedores presentarán as súas ofertas.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

A Deputación de Pontevedra figura actualmente adherida ao Acordo Marco 02/2020 “subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo”, desde o 02 de marzo de 2022 e para a presente adquisición óptase polo lote 4 (ordenadores portátiles estándar) do citado acordo.

Segundo o punto 3) das “Instrucións para a contratación de subministros, a través do AM para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores, e outras solucións de posto de traballo (AM02/2020)” o contrato baseado, ao ser o orzamento de licitación superior a 80.000,00€ sen IVE, aplicarase a realización dun procedemento de adxudicación con segunda licitación. Para a adquisición dos 546 ordenadores portátiles estándar correspondentes ao lote 4 estaríamos comprendidos neste caso.

En base ao exposto, con data 24/10/2023, a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación do Subministro de 546 ordenadores portátiles estándar no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU); mediante Central de Contratación do Estado, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

O importe máximo do contrato baseado ascende a 503.412,00€, máis a cantidade de 105.716,52€ correspondente ó 21% de IVE o que fai un total de 609.128,52€, que se imputará con cargo a aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 (Documentos RC nº de operación 202300217007 e 202300219905).

Con data 08/11/2023 emítese informe complementario polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: 0YMBT4S8BRFYVIQE).

Con data 10/11/2023 informa favorablemente a Secretaría da Deputación (CSV: LKKLI8QR16O9WHFR).

Con data 14/11/2023 emítese informe complementario ao informe da Secretaría polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: X1IMDDTSESFURWHY).



Con data 16/11/2023 emítese memoria xustificativa da contratación polo Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio (CSV: 8IJ5Y1T5UQEY9SXW).

Con data 16/11/2023 emítese informe favorable pola Intervención (CSV: KIRD6GWNFZIW1RHQ).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da Subministro de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) no marco do PRTRcompoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 4: Ordenadores portátiles estándar), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do lote 4 do Acordo Marco, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo máximo do subministro será de 30 días naturais contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria. A partir desa data comezará o período de garantía por un período de 3 anos.

A eficacia da presente contratación queda condicionada á adxudicación do mesmo antes do 31 de decembro do 2023 ou a aprobación, polo Ministerio de Política Territorial, dunha nova ampliación do prazo de execución desde proxecto, antes da data indicada.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 609.128,52€. O valor estimado é de 503.412,00 €.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, e se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar o documento de segunda licitación (CSV: N8RM4BE2P4D6OM0D) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 609.128,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

4.33195.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE 93 ORDENADORES PORTÁTILES “SUPERIOR” A TRAVÉS DUN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 02/2020, DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA”.
(Expte.2023064666)

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes. A cuarta política panca é unha Administración para o século XXI, que expón unha modernización da Administración para responder as necesidades da cidadanía e a economía en todo o territorio. O compoñente 11, cifra como obxectivos estratéxicos a dixitalización e modernización das administracións públicas, a transición enerxética e o reforzo das capacidades administrativas.



Neste marco, publicouse a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do PRTR.

Segundo establece a convocatoria, unha das actuacións subvencionables é a liña estratéxica 4 – Infraestruturas dixitais, cuxo fin é dotar ás administracións locais das infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a súa modernización, co fin de asegurar a dispoñibilidade en calquera circunstancias e de adaptar a capacidade dispoñible ás necesidades existentes en cada momento, contribuíndo a desenvolver a conectividade dixital, a economía do dato e a intelixencia artificial nas administracións. Así mesmo, acorde ao artigo 5.5 da Orde, establécese que se as entidades beneficiarias son as deputacións provinciais de réxime común, os proxectos realizados terán como destinatarios os concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra presentou a solicitude do proxecto denominado: “Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo dos concellos” en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (segundo cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro do 2020), para ser beneficiaria da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 4; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU

O 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma. Con data 4 de setembro de 2023 o Ministerio de Política Territorial notificou a extensión do período de execución ata o vindeiro 30 de abril de 2024.

Polo tanto, a Deputación de Pontevedra expón a incorporación de 93 ordenadores portátiles superior (cas opcións: Sistema Operativo, LTE, Docking Station, ampliación SSD e ampliación memoria) para os 49 concellos adheridos ao proxecto. Deste xeito a Deputación poderá cumprir co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos nin técnicos suficientes para levar a cabo tanto esta subministración é necesario realizar unha contratación onde os fornecedores presentarán as súas ofertas.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

A Deputación de Pontevedra figura actualmente adherida ao Acordo Marco 02/2020 “*subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo*”, desde o 2 de marzo de 2022 e para a presente adquisición óptase polo lote 5 (ordenadores portátiles superior) do citado acordo.



Segundo o punto 3) das “Instrucións para a contratación de subministracións, a través do AM para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores, e outras solucións de posto de traballo (AM02/2020)” o contrato baseado, ao ser o orzamento de licitación superior a 80.000,00€ sen IVE, aplicarase a realización dun procedemento de adxudicación con segunda licitación. Para a adquisición dos 93 ordenadores portátiles superior correspondentes ao lote 5 estaríamos comprendidos neste caso.

En base ao exposto, con data 24/10/2023, a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación do Subministro de 93 ordenadores portátiles superior no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU); mediante Central de Contratación do Estado, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

O importe máximo do contrato baseado ascende a 101.184,00€, máis a cantidade de 21.248,64€ correspondente ó 21% de IVE o que fai un total de 122.432,64€, que se imputaran con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 (RC nº de operación 202300216992 e 202300219890).

Con data 08/11/2023 emítese informe complementario polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: OFVURHE2MD1RQ30Q).

Con data 10/11/2023 informa favorablemente a Secretaría da Deputación (CSV: N30XEGYEDTRK31AS).

Con data 14/11/2023 emítese informe complementario ao informe da Secretaría polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: 45ES88W38TYRO5OO).

Con data 15/11/2023 emítese informe favorable pola Intervención (CSV: 2CD7DBNNEXQGOBN0).

Con data 16/11/2023 emítese memoria xustificativa da contratación polo Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio (CSV: YV11SAPBTVPTGK45)

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da “*Subministración de 93 ordenadores portátiles superior (cas opcións: Sistema Operativo, LTE, Docking Station, ampliación SSD e ampliación memoria) no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 5: Ordenadores portátiles superior), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado*”.

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do lote 5 do Acordo Marco, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo máximo do subministro será de 30 días naturais contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria. A partir desa data comezará o período de garantía por un período de 3 anos.

A eficacia da presente contratación queda condicionada á adxudicación do mesmo antes do 31 de decembro do 2023 ou a aprobación, polo Ministerio de Política Territorial, dunha nova ampliación do prazo de execución desde proxecto, antes da data indicada.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 122.432,64€. O valor estimado é de 101.184,00 €.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, e se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar o documento de segunda licitación (CSV: KMZCNHFU0OK7SRBR) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 122.432,64 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.



5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

5.33196.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DUN “SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS EN INMOBLES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DUN CONTRATO BASEADO NO LOTE 2 (SEGURO DE DANOS MATERIAIS PARA ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES CON RANGO SUPERIOR A 10.000 HABITANTES) DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP”.
(Expte. 2023066615)

A actual concepción da actividade administrativa, nun sentido amplo, fai preciso a contratación de seguros co fin de satisfacer as necesidades das Entidades Locais respecto da cobertura de distintos riscos da propiedade ou outro interese asegurable sobre os seus bens mobles e inmobles. Así, a xustificación de contratación deste seguro, queda motivada na necesidade de asegurar os bens propiedade da Deputación de Pontevedra ou sobre os que este ten un interese asegurable, dos danos e/o perdas materiais causados polos riscos de incendio, danos por auga, etc. A transferencia destes riscos a unha compañía de seguros é precisa para conservar o patrimonio da Administración, trátase por tanto de prever o resarcimento do dano patrimonial sufrido, cuxas consecuencias poderían afectar tanto á Deputación de Pontevedra como a terceiras persoas, podendo ter que incorrer no caso de non contratalo nuns custos de reparación e indemnización importantes se non se contase cun seguro.

Na actualidade a Deputación ten subscrito o seguro de danos en inmobles coa aseguradora *Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros* (C.I.F. A-48001648), contrato que ten como data de vencemento o vindeiro 31 de decembro de 2023, e sen posibilidade de prórroga. Deste xeito faise necesario a contratación dun novo seguro de danos dos bens inmobles da Deputación a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Por outro lado, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da súa Central de contratación adxudicou, en beneficio dos seus asociados, un Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros. En base a este Acordo Marco, as entidades locais que estean adheridas á Central de contratación da FEMP poden subscribir o correspondente contrato baseado coas empresas adxudicatarias do mesmo, que comprenderá todos os servizos referidos no Acordo Marco coas condicións establecidas nos pregos do mesmo.

Neste senso, a Deputación de Pontevedra adheriuse á Central de Contratación da FEMP mediante acordo plenario adoptado en sesión do 27.11.2020, e visto que no Acordo Marco para a Contratación de contratos de seguros da FEMP figura como LOTE 2 o “seguro de danos materiais para Entidades Locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes” que se adecúa ás necesidades da Deputación de Pontevedra, considérase axeitado subscribir o correspondente contrato baseado para a contratación deste seguro.



Por este motivo, con data 10 de novembro de 202, a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación dun Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra, Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

O contrato proposto ten un período de duración de 1 ano, desde o 01/01/2024 establecéndose a posibilidade dunha prórroga anual. O orzamento base de licitación é de 69.674,42 €.

O servizo de Contratación, con data 13 de novembro de 2023, elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 21.2 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco.

Con data 13 de novembro de 2023, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14 de novembro de 2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 17 de novembro de 2023.

Visto que con data 17 de novembro de 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202300228994 polo importe de 69.674,42 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación do “*Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra*”, Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.



A subministración contratarase, en segunda licitación, coa empresa adxudicataria do Lote 2 do Acordo Marco (BILBAO SEGUROS CIA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco. O prazo de duración será de 1 ano, desde o 1 de xaneiro de 2024, establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 69.674,42 euros.

O valor estimado (incluída a prórroga e a posible modificación do 20%) é de 167.218,60 euros.

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: 4GBL2GBG24W5J0Q8) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 69.674,42 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01, que quedará condicionado á aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

4.- Nomear como responsable do contrato ao Técnico adxunto a xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio, ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 2 do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

A data límite de presentación de ofertas será de 8 días naturais a contar desde o seguinte ao envío do requirimento a través da plataforma da Central de Contratación da FEMP.

6.33197.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO TRAMITADO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2020 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO”. (Expte.2023058887)

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 3 de novembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación da subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra a través da Central de Contratación do Estado, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020.

Para a presente contratación, en data 3 de novembro de 2023, invitáronse ás empresas que figuran dentro do lote 1 - Península do AM 21/2020, a que presenten ofertas a través da plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra (Vortal).



Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 13 de novembro de 2023, procédese a descriptación e descarga das ofertas presentadas a través da plataforma Vortal.

A empresa presentada e admitida á licitación é a seguinte:

- SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345)

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

- Porcentaxe de desconto sobre o PAI:14,50%

CRITERIO	Nº PUNTOS DE SUBMINISTRACIÓN
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	32

Feitas as valoracións de acordo cos criterios automáticos establecidos no documento de licitación a oferta obtén a seguinte puntuación e queda clasificada da seguinte forma:

1ª	SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345)	100 puntos
----	----------------------------------	------------

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (.)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.3 da LCSP sinala que “*o resto das entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública para contratar as obras, servizos e subministracións declarados de contratación centralizada, a través do sistema estatal de contratación centralizada*”.

Considerando que o artigo 229.6 da citada LCSP indica que “*o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco (...) cuxo destinatario fora una Administración, organismo ou entidade adherida, será o previsto nas normas xerais aplicables a ditas Administracións, organismos ou entidades*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das



facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar a SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 (Lote1) para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado, de acordo co seguinte detalle:

– Porcentaxe de desconto sobre o PAI:14,50%:

CRITERIO	Nº PUNTOS DE SUBMINISTRACIÓN
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	32

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 394.279,76 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, que quedarán condicionados á aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2024 (01/01/2024 a 30/11/2024)	ARQUIVO	24/332.3322.221.03	1.098,90 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	39.987,00 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	1.673,30 €
	COOPERACION	24/942.4330.221.03	5.994,00 €
	E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	6.293,40 €
	FINCA MOURISCADE	24/410.4120.221.03	4.530,00 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	201.228,00 €
	MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	9.993,60 €
	NNTT	24/926.9260.221.03	1.239,48 €
	ORAL	24/932.9320.221.03	1.918,08 €
	PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	101.364,00 €
	SAIM	24/923.1623.221.03	18.960,00 €



3.- Nomear como responsable do contrato aos xefe dos centros xestores.

4.- Requirir a empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) para que nun prazo máximo de dez días hábiles achegue a documentación acreditativa de constituír a garantía definitiva polo importe de 16.292,55 €.

7.33198.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DE OBRAS DE ARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023052969)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 2 de outubro de 2023. Na mesma data, publicanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19 de outubro de 2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as propostas das empresas LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LTD. SUC. ESPAÑA (NIF: W0069547H), XL INSURANCE COMPANY SE, SUCURSAL EN ESPAÑA (NIF: W0065403H) e HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), presentan un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado, polo que se lles require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o Museo de Pontevedra, mediante informe de data 30/10/2023 (CSV: VTGLOGWYIM1S41VV), considera que a xustificación presentada polas empresas xustifican de forma correcta as súas ofertas económicas, polo que propuxo á Mesa de Contratación que foran admitidas.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas presentadas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos



do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023008390, de 08/11/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF: A41003864) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Registro entrada WEB 2023063481, de data 16/11/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.280,27€ (carta de pago núm. operación 202300228885, do 17/11/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do “*Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Helvetia Compañía Suiiza Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros* (NIF: A41003864), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Helvetia Compañía Suiiza Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros (NIF: A41003864)

1. Prima total anual ofertada: 62.802,67 €



2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:
- A empresa oferta a inclusión de cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e de humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: NON
 - A empresa oferta a inclusión dos danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuos, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: NON
 - A empresa oferta a cláusula de recompra: SI
 - A empresa oferta a cláusula de reparación e restauración: SI
 - A empresa oferta a cláusula obras expostas ao aire libre: SI
 - A empresa oferta cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: SI
 - A empresa oferta a cláusula de limpeza de cascallos: SI
 - A empresa oferta a cláusula de arbitraje: NON
 - A empresa oferta a cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante situacións de emerxencia: SI
 - A empresa oferta a cláusula de falecemento do artista: SI
 - A empresa oferta a cláusula de título defectuoso: NON
 - A empresa oferta a cláusula de 72 horas: NON
 - A empresa oferta a cláusula por insuficiencia de embalaxe: SI
 - A empresa oferta a cláusula de franquicia consorcio de compensación de seguros: NON

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.224.01 do correspondente orzamento provincial, e as do ano 2025 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 25/333.3330.224.01, quedando condicionados os gastos á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento do prezo realizarase mediante prima anual. A efectos do pagamento da prima total anual, o asegurador emitirá un único recibo, que deberá presentar durante o primeiro trimestre de cada ano. Para o pagamento das posibles primas xeradas como consecuencia da incorporación de novas adquisición o longo da vixencia da anualidade, o asegurador emitirá un recibo independente para cada nova adquisición comunicada polo importe da prima correspondente calculada de acordo ó establecido no prego de prescricións técnicas.

Con independencia do momento do pagamento das primas, o asegurador virá obrigado ao pagamento das indemnizacións por sinistros que se produciron no período de vixencia do seguro, manténdose en vigor todas as coberturas do contrato.

Os abonos ao contratista efectuaranse mediante transferencia bancaria á entidade financeira que sinala.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023052969	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

8.33199.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA “ACTUALIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN DO PAZO PROVINCIAL”. (Expte. 2020056692)

Resultando.- Por Resolución Presidencial RP número 2023004280 de data 29 de maio de 2023, adxudícase a obra “Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial de Pontevedra” á empresa *Deseño, enxeñería e xestión de obras S.L.* (B-94129368) importe de 96.418,45 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de setenta e cinco días a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, segundo a RP número 2023004494 pola que se rectifica o prazo de execución do contrato.



A formalización do contrato realizouse en data 8/06/2023, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- En data 6/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, polos seguintes motivos:

“Non se pode dar comezo ao inicio das obras:

1.- Pendente aprobación Plan Seguridade e Saúde.

2.- Suministro do equipo de climatización fóra de prazo (outubro 2023), valorando equipo equivalente que entre en prazo.”

Resultando.- Que con data 23/08/2023 asínase entre o contratista e o director de obra, a acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº2, emitiu informe a Intervención en data 10/11/2023, recolle a seguinte observación:

“Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras mes e medio despois da acta de comprobación de trazado negativa.

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.”

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: *“1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato.*

Considerando.- Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a certificación nº 2 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

Empresa:	Aplicación orzamentaria	Importe
Deseño Enxeñería e Xestión de Obras S.L. (NIF B-94129368)	23/457-4500-622.03.2021	30.572,27€
SUBTOTAL		30.572,27€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	849,29€
Control de calidade (3% PEM Lic)		700,73€
Total descontos	Id.	1.550,02€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		29.022,25€

- 9.33200.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022043534)

Na sesión ordinaria do día 04/11/2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de *Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra* á empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B-36.262.053) polos seguintes prezos e valores ofertados:

a. Prezo ofertado:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE incluído
Lote 1	15.403,50€	3.234,73€	18.638,23€
Lote 2	8.766,90€	1.841,05€	10.607,95€
Lote 3	4.002,25€	840,47€	4.842,72€

Na sesión ordinaria do día 27/10/2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra mediante acordo 11.33101, aprobou a modificación nº1 relativa ao lote 1 deste contrato para cesar a prestación deste servizo na Escola de Canteiros, quedando os seguintes prezos e valores ofertados no Lote 1:

Lote	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE incluído
Lote 1	13.854,99€	2.909,55€	16.764,54€

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 19/12/2022 para os Lotes 1 e 3, e 27/12/2022 para o Lote 2 e o prazo de duración é de un ano a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 28/09/2023, a Xefa do Servizo de Arquitectura, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 1 polo período de un ano. Así mesmo, a Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe, con data 28/09/2023, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 2, tamén polo período dun ano. De igual modo, a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, con data 09/10/2023, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 3, polo período dun ano. Nos tres lotes solicítase a prórroga con efectos dende o 01/01/2024 ao 31/12/2024.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que os preavisos das prórrogas dos lotes 1, 2 e 3 formuláronse con datas 28 de setembro de 2023, 25 de setembro de 2023 e 29 de setembro de 2023 respectivamente, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 04/10/2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito do lote 1 para exercicios futuros cos seguintes números de operacións:

Centro xestor	RCFUT1	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	202300203434	24/920.9200.213.00	4.240,45 €
Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	202300203435	24/433.4320.213.00	1.479,23 €
Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	202300203437	24/433.3360.213.00	631,14 €
Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	202300203438	24/433.3363.213.00	1.025,60 €
Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	202300203439	24/332.3322.213.00	1.025,60 €
Cohesión social e Xuventude(Centro Vacacional A Lanzada)	202300203440	24/231.3370.213.00	355,01 €
Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	202300203442	24/410.4120.213.00	1.617,29 €
Estación Fitopatolóxica Areeiro	202300203443	24/413.4123.213.00	1.203,10 €
ORAL Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	202300203444	24/932.9320.213.00	2.169,53 €
Asistencia Intermunicipal (CAAN)	202300203445	24/923.1705.213.00	335,29 €
Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	202300203446	24/923.1623.213.00	177,51 €
Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	202300203447	24/456.4530.213.00	591,69 €
Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	202300203448	24/942.4330.213.00	1.538,39 €
Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	202300203449	24/942.4331.213.00	374,74 €
TOTAL			16.764,57 €

Tendo en conta que, con data 02/10/2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito do lote 2 para exercicios futuros co número de operación 202300201102, polo importe de 10.607,95 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/232.2312.213.00, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024.



Tendo en conta que, con data 10 de outubro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito do lote 3 para exercicios futuros co número de operación 202300205699, polo importe de 4.842,72€, con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.213.00, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 14 de novembro do 2023, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xaneiro de 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato do servizo “*Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa SEGURLEM, S.L. (NIF:B36262053), durante o período 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a duración da prórroga do contrato financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE 1

Centro xestor	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	2024	24/920.9200.213.00	4.240,45 €
Turismo Rías Baixas (<i>Palacete das Mendozas e Mosteiro de Armenteira</i>)	2024	24/433.4320.213.00	1.479,23 €
Turismo Rías Baixas (<i>Castelo de Soutomaior</i>)	2024	24/433.3360.213.00	631,14 €
Turismo Rías Baixas (<i>Castelo de Sobroso</i>)	2024	24/433.3363.213.00	1.025,60 €
Patrimonio documental e bibliográfico (<i>arquivo provincial</i>)	2024	24/332.3322.213.00	1.025,60 €
Cohesión social e Xuventude(<i>Centro Vacacional A Lanzada</i>)	2024	24/231.3370.213.00	355,01 €
Medio Ambiente (<i>Laboratorio Finca Mouriscade</i>)	2024	24/410.4120.213.00	1.617,29 €
Estación Fitopatolóxica Areiro	2024	24/413.4123.213.00	1.203,10 €
ORAL Oficina Central e Periféricas (<i>Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa</i>)	2024	24/932.9320.213.00	2.169,53 €
Asistencia Intermunicipal (CAAN)	2024	24/923.1705.213.00	335,29 €
Asistencia Intermunicipal (<i>Oficina de Revitaliza</i>)	2024	24/923.1623.213.00	177,51 €
Infraestruturas e Vías Provinciais (<i>Parque Maquinaria Lalín e Gondomar</i>)	2024	24/456.4530.213.00	591,69 €
Cooperación cos Municipios (<i>Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis</i>)	2024	24/942.4330.213.00	1.538,39 €
Cooperación cos Municipios (<i>Centro de Apoio Empresarial</i>)	2024	24/942.4331.213.00	374,74 €
		TOTAL	16.764,57 €



LOTE 2

Centro xestor	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
Centro Príncipe Felipe	2024	24/232.2312.213.00	10.607,95 €

LOTE 3

Centro xestor	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
Museo de Pontevedra (<i>Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos</i>)	2024	24/333.3330.213.00	4.842,72 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

10.33201.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS ADHERIDOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2021033561)

Na sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos* á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. (B-41.632.332), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de febreiro de 2022 e o prazo de duración é de 2 anos contados desde a súa formalización, con posibilidade dunha prórroga de 2 anos de duración.

Con data 16 de outubro de 2023 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, co visto e prace do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 2 anos, con efectos desde o 22 de febreiro do 2024 ao 21 de febreiro do 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 05 de outubro de 2023 (data de comparecencia: 09/10/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 19 de outubro do 2023, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito, pondo de manifesto o seguinte:

“No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2024 mediante o documento RCFUT1 N°. 202300216134 por importe de 148.761,43€, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2024, 2025 e 2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 24/926.9260.227.06 (148.761,43€), 25/926.9260.227.06 (173.877,00€) e 26/926.9260.227.06 (25.115,57€).”

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 15 de novembro do 2023 (CSV: QV23601KCCA7TWVM), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos por 2 anos, desde o 22 de febreiro do 2024 ata o 21 de febreiro do 2026.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 22 de febreiro do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do “*Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos*”, subscrito coa empresa *Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.* (B41632332), durante o período desde o 22 de febreiro do 2024 ata o 21 de febreiro do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (22/02 a 31/12)	24/926.9260.227.06	148.761,43 €
2025	25/926.9260.227.06	173.877,00 €
2026 (01/01 a 21/02)	26/926.9260.227.06	25.115,57 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024, 2025 e 2026 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

11.33202.- APROBACIÓN DA PRORROGA NA EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DA AXUDA CONCEDIDA A COOP. VITIVINICOLA AROUSANA S. COOP. GALEGA PARA “INVESTIMENTOS NO 2023 PARA A MELLORA DE SERVIZOS QUE PRESTA A COOPERATIVA” (Expte.2023019476)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, do 05/05/2023, unha subvención a favor de *Coop. Vitivinicola Arousana S. Coop. Galega*, con CIF: F36477354, por un importe de 29.833,72 €, para “*Investimentos no 2023 para a mellora de servizos que presta a Cooperativa*”, con cargo á aplicación 23/410.4120.789.00.

Con data 8/11/2023, recíbese escrito do presidente da cooperativa *Vitivinicola Arousana*, solicitando unha prórroga na execución e xustificación dos investimentos subvencionables, argumentando, que a zona afectada pola actuación para a mellora do firme, é a explanada de acceso ao almacén onde se produce a expedición e carga de produto terminado e se reciben diferentes materiais para o proceso de embotellado. Estaba previsto que se iniciase no mes de outubro, pero debido as precipitacións rexistradas, practicamente tódolos días ata a actualidade non se puideron iniciar as obras nas datas previstas.

Visto o informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, de data 13/11/2023, que informa favorablemente a prórroga das actuacións.

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención do 16/12/2023, a restante documentación que obra no expediente, e considerando o disposto nas Bases Reguladoras, no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de subvencións, e no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar unha prorroga da axuda concedida pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, do 05/05/2023, número de acordo 17.32620, a favor de *Coop. Vitivinícola Arousana S. Coop. Galega*, con CIF: F36477354, por un importe de 29.833,72 €, de conformidade co establecido na base decimo quinta das reguladoras da convocatoria, a prorroga do prazo para executar o investimento será de tres (3) meses, ata o 31 de marzo de 2024. A ampliación do prazo de xustificación non excederá a metade do prazo establecido inicialmente, polo que a entidade beneficiaria deberá xustificar a subvención antes do 15 de maio de 2024.

12.33203.- AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA Nº 1 (MUROS DE CONTENCIÓN PARA REPARACIÓN DE DANOS POR INUNDACIÓN), NO ACORDO Nº 19.33032 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 06/10/2023, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA LAMA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓN, DENOMINADO “MUROS DE CONTENCIÓN PARA REPARACIÓN DE DANOS POR INUNDACIÓN, REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POR INUNDACIÓN NO PAVIMENTO DO CAMIÑO DE ABELAIDO A ERMITAS E RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE PEDRA DANADO POR TEMPORAL EN CAMBESES – A LAMA” (Expte. 2023034352)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a Convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, rectificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas RP núm. 2023006140 e 2023006725, respectivamente, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións, correspondéndolle ao Concello da Lama unha cantidade subvencionable de 104.616.00 €.
- En data 05/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030365) dunha petición do *Concello da Lama*, emendada na data 01/06/2023 (núm. rexistro WEB2023035433), na que solicita unha subvención inicial por importe de 87.179,99 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Muros de contención para reparación de danos por inundacións e reparación de danos causados por inundacións no pavimento do Camiño de Abelaido a Ermitas*”, cun orzamento polo mesmo importe.



- Na data 05/06/2023 emítense informe favorable de supervisión das actuacións, por parte do facultativo técnico do Servizo de Cooperación.
- Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectificase a RP núm. 2023004393, por un error de transcripción.
- Con posterioridade, détéctanse erros no informe meteorolóxico de Meteogalicia de febreiro do 2023, polo que se emite un novo informe o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao *Concello de A Lama*.
- Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectificase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.
- Toda vez que as precipitacións rexistradas no *Concello de A Lama* aumentan ata os 93 l/m2, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima subvencionable de 104.616,00euros. Xa que lle aumenta o importe subvencionable, o concello pode reformular a súa solicitude.
- Posteriormente, en data 28/09/2023, consta entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023055451), dunha petición do *Concello da Lama* na que reformula a súa solicitude, aumentando a petición ata o importe de 104.615,99 €, cun orzamento polo mesmo importe, para o investimento “*Muros de contención para reparación de danos por inundacións, reparación de danos causados por inundacións no pavimento do Camiño de Abelaido a Ermitas e reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses- A Lama*”, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concello	Actuación	Orzamento subvencionable	Subvención	Outras axudas
A LAMA NIF: P3602500E	1.-Muros de contención para reparación de danos por inundacións	53.319,74€	53.319,74€	PLAN CONCELLOS 2023 LIÑA 2 Honorarios de redacción de proxecto (4.111,11€)
		33.860,25€	33.860,25€	
	2.-Reparación de danos causados por inundacións no pavimento do camiño de Abelaido a Ermitas	17.436,00	17.436,00	
	3.- Reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses- A Lama			
	Total	104.615,99€	104.615,99€	



- Quedando condicionada as seguintes autorizacións sectoriais:

Para a obra nº 1 (*Muros de contención para reparación de danos por inundacións*): Servizo de Patrimonio (*Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*) e Augas de Galicia (*Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*)

Para a obra nº 2 (*Reparación de danos causados por inundacións no pavimento do camiño de Abelaido a Ermitas*): AXI (*Axencia Galega de Infraestruturas*), Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, Servizo de Montes (*Consellería do Medio Rural*) e Servizo de Patrimonio (*Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*).

Para a obra nº3 (*Reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses- A Lama*): Patrimonio (*Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades*).

- As presentes actuacións contaron cos informes de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de datas 05/06/2023 e 29/09/2023.
- Mediante Acordo de Xunta de Goberno número 19.33032 de data 06/10/2023 concedéuselle ao *Concello da Lama* unha subvención por importe de 104.615,99 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Muros de contención para reparación de danos por inundacións, reparación de danos causados por inundacións no pavimento do Camiño de Abelaido a Ermitas e reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses- A Lama*”, (expediente 2023034352) cun orzamento polo mesmo importe. Condicionada ás seguintes autorizacións sectoriais:

Para a obra nº 1 (*Muros de contención para reparación de danos por inundacións*): Servizo de Patrimonio (*Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*) e Augas de Galicia (*Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*).

Para a obra nº 2 (*Reparación de danos causados por inundacións no pavimento do camiño de Abelaido a Ermitas*): AXI (*Axencia Galega de Infraestruturas*), Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, Servizo de Montes (*Consellería do Medio Rural*) e Servizo de Patrimonio (*Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*).

Para a obra nº3 (*Reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses- A Lama*): Patrimonio (*Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades*).

- En data 08/11/2023 con número de rexistro WEB2023061961, ten entrada no rexistro desta Deputación oficio do concello da Lama no que solicita o cambio de proxecto técnico para a obra nº1 (*Muros de contención para reparación de danos por inundacións*). Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado pola corrección de erros operativos detectados e a melloras de proxecto mediante a reformulacións de decisións no proxecto orixinal, en



concreto na actuación sita no Lugar de Cambeses. Polo que o concello vese obrigado a modificar o citado proxecto técnico da obra número 1 “*Muros de contención para reparación de danos por inundacións*”.

- O novo proxecto descritivo das obras a realizar, non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada e non supón un incremento do orzamento de execución por contrata por obra que sigue sendo de 53.319,74 euros. O concello aporta as autorizacións sectoriais ó expediente, polo que a concesión xa non está condicionada ás mesmas.
- O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecidos polo concello.

Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 13/11/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 14/11/2023 e da Intervención Provincial de data 15/11/2023

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido no artigo 35 da LBRLL, no artigo 63 do ROFRXEL, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LBRLL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de datas 13/11/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 14/11/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da solicitude de cambio de proxecto, e do informe da Intervención provincial, de data 15/11/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico na obra nº1 (*Muros de contención para reparación de danos por inundacións*), no Acordo número 19.33032 de data 06/10/2023, polo que se concedía unha subvención por un importe de 104.615,99 €, ao *Concello da Lama*, CIF P3602500E, para o investimento “*Muros de contención para reparación de danos por inundacións, reparación de danos causados por inundacións no pavimento do Camiño de Abelaido A Ermitas e reconstrución de muro de pedra danado por temporal en Cambeses, A Lama*”, cun orzamento polo mesmo importe.



A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello da Lama*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

13.33204.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE NIGRÁN PARA O PROXECTO “DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO DÍA DO LIBRO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS E CONMEMORACIÓN C. CASA”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/06/2022 (Expte. 2022028558).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 18 de marzo de 2022 (acordo 6.31457) aproba as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 58 de 24 de marzo de 2022.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 10 de xuño de 2022 (acordo núm. 2.31822), acordou concederlle ao *Concello de Nigrán* (CIF: P3603500D) unha achega de 3.092,43 euros para o proxecto “*Dinamización da lingua galega no día do libro, Día das Letras Galegas e conmemoración C. Casa*”, con cargo á aplicación 22/334.3340.462.04 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo sexta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e requirida dita documentación, o *Concello de Nigrán*, en escrito presentado en data 6 de novembro de 2023 e rexistro WEB2023061329, fai constar aos efectos oportunos que a documentación necesaria para a tramitación da xustificación da subvención concedida non foi enviada nin en tempo e forma.

As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida, tal é como se indica no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 9 de novembro de 2023 o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



Resultando que con data 9 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Nigrán* para o proxecto “*Dinamización da lingua galega no día do libro, Día das Letras Galegas e conmemoración C. Casa*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Nigrán* (CIF: P3603500D), por un importe de 3.092,43 euros, para o proxecto “*Dinamización da lingua galega no día do libro, Día das Letras Galegas e conmemoración C. Casa*”, ao abeiro das bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022.
2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que o *Concello de Nigrán* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Nigrán*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

14.33205.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO PARA O PROXECTO “GLOSARIO TERMINOLÓXICO E MANUAL DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL EN GALEGO”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022028705)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 18 de marzo de 2022 (acordo 5.31456) aproba as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 58 de 24 de marzo de 2022.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 15.31916), acordou concederlle á Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo (CIF: G09827825) unha achega de 1.857,78 € para o proxecto “*Glosario terminolóxico e manual de vehículos de mobilidade persoal en galego*”, con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05 do vixente Orzamento provincial.



Segundo a base décimo sexta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido este prazo de 15 días non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida, tal e como se indica no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 6 de novembro de 2023 o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 8 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo para o proxecto “*Glosario terminolóxico e manual de vehículos de mobilidade persoal en galego*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo (CIF: G09827825), por un importe de 1.857,78 €, para a actuación “*Glosario terminolóxico e manual de vehículos de mobilidade persoal en galego*”, ao abeiro das bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022.
2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que a Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución á Asociación de Usuarios de Vehículos de Mobilidade Persoal de Vigo, á Intervención Provincial e ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.



15.33206.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN PATRIMONIAL DE XINZO. XE PATRIMONIAL PARA O PROXECTO “XINZO NOMEADA: RECUPERACIÓN E XEOLOCALIZACIÓN DA TOPONIMIA DE XINZO (PONTEAREAS)”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022028225)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 18 de marzo de 2022 (acordo 5.31456) aproba as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 58 de 24 de marzo de 2022.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 15.31916), acordou concederlle á Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial (CIF: G16888679) unha achega de 2.675,20 euros para o proxecto “*Xinzo Nomeada: Recuperación e xeolocalización da toponimia de Xinzo (Ponteareas)*”, con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo sexta, “Xustificación”, das citadas bases reguladoras, unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial, requíriuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido este prazo de 15 días non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida, tal e como se indica no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 6 de novembro de 2023 o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 9 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial para o proxecto “*Xinzo Nomeada: Recuperación e xeolocalización da toponimia de Xinzo (Ponteareas)*”.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial (CIF: G16888679), por un importe de 2.675,20 €, para o proxecto “*Xinzo Nomeada: Recuperación e xeolocalización da toponimia de Xinzo (Ponteareas)*”, ao abeiro das bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022.
2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que a Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial o poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución Asociación Patrimonial de Xinzo. Xe Patrimonial, á Intervención Provincial e ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

16.33207.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O PROXECTO “POEMA DE MAN”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022025663)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 18 de marzo de 2022 (acordo 5.31456) aproba as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 58 de 24 de marzo de 2022.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 15.31916), acordou concederlle á *Orquesta Clásica de Vigo* (CIF: G36688422) unha achega de 2.303,65 euros para o proxecto “*Poema de man*”, con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05 do vixente Orzamento provincial.

Segundo a base décimo sexta, “*Xustificación*”, das citadas bases reguladoras, unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da *Orquesta Clásica de Vigo*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Transcorrido este prazo de 15 días non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida, tal é como se indica no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



Resultando que con data 6 de novembro de 2023 o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos emite informe onde se recolle que procede a incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 8 de novembro de 2023 dende a área Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Orquesta Clásica de Vigo para o proxecto “*Poema de man*”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á *Orquesta Clásica de Vigo* (CIF: G36688422), por un importe de 2.303,65 €, para o proxecto "Poema de man", ao abeiro das bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022.
2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que a *Orquesta Clásica de Vigo* poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo conlevará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución á *Orquesta Clásica de Vigo*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

17.33208.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA E CULTURAL O FIADEIRO, DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “RECOLLA ETNOGRÁFICA E ESTUDO DA CULTURA ORAL GALEGA”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURALS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022” (Expte. 2022030085)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na sesión do 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor da *Asociación Folclórica e Cultural O Fiadeiro* con CIF: G36812204, por un importe de 1.300,00 euros, para o programa “*Recolla etnográfica e estudo da cultura oral galega*”, con cargo á aplicación 23/334.3340.489.05.2022, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 20/10/2023 da citada entidade renunciando á subvención concedida no seu día e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 8 de novembro de 2023, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



18.33209.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CLUB KENPO VILAGARCÍA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “CTO. ESPAÑA CLUBES DE KENPO (KARATE) 2022”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Expte.2022026382)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 04/03/2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022 (Expte. 2022004164). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 54 do 18/03/2022.

Segundo.- En data 19/04/2022 José Mario Hermo Alonso, en representación de *Club Kenpo Vilagarcía* (CIF: G36576353) presenta solicitude para o *campionato de España de clube de Kenpo (karate) 2022*, achegando un orzamento da actividade por importe de 12.280,00 €.

Terceiro.- En data 21/09/2022 procédese á publicación no BOPPO núm. 181 do 21/09/2022 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo Servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022 e no que figura o *Club Kenpo Vilagarcía* (CIF: G36576353) e na contía de 1.776,53 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 16/11/2023 José Mario Hermo Alonso, en representación de *Club Kenpo Vilagarcía* (CIF:G36576353) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida sinalando que non se puido xustificar o pagamento ao non celebrarse na data prevista o evento obxecto da solicitude da subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 20/11/2023 a renuncia presentada por *Club Kenpo Vilagarcía* (CIF: G36576353).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o [artigo 22.1 da Lei 38/2003](#), Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por *Club Kenpo Vilagarcía* (CIF: G36576353) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.776,53 € para a realización de actividades do “*Campionato de España de Clubes de Kenpo (Karate) 2022*” (documento co CSV: 03K5F8JZOV6LAONF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



19.33210.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023070277)

Vista a relación de facturas con número 2023070277, que contén 12 facturas e por un importe de 29.775,22€ e con CSV: DAJXVTLK6RLL64C0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/11/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	28.576,84€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.198,38€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	29.775,22 €

20.33211.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.33212.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

22.33213.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

